



OBRAIRO DE CENTRO DE FLORES SECAS

Exp.: 795/2022

D. Juan Francisco Sánchez González, con DNI 46918269V, como secretario-interventor do Concello de Pazos de Borbén,

CERTIFICA (Por resolucións de Alcaldía nº2022-0289 e 2022-0309s de datas 02/06/2022 e 09/06/2022 respectivamente) aprobáronse as seguintes bases e convocatoria de obradoiro de centro de flores secas:

“APROBACIÓN, BASES E CONVOCATORIA OBRADOIRO DE CENTRO DE FLORES SECAS

Dende o Concello de Pazos de Borbén queremos motivar as persoas para realización de actividades no seu entorno.

Para elo pretendemos realizar dous obradoiros de centros de flores secas de duración de dúas horas cada un, no cal podrán asistir un total de 20 persoas como máximo (10 persoas por obradoiro). O número mínimo de persoas para poder facer o obradoiro sería de seis persoas por obradoiro. Cada persoa só poderá anotarse a un día, xa que a actividade é a mesma para os dous días.

O obxectivo desta actividade é tanto lúdico como para dar aprender as destrezas para facer un centro de flores secas. Con este obradoiro se conseguirá que a persoa teña coñecemento de preparación da flor seca e montaxe do centro que lle poderá servir tanto para realizar os seus centros na casa como para adquirir certa habilidade para facer estes montaxes. Somos conscientes de que para realizar un traballo en este ramo precísase moito mais tempo de aprendizaxe e polo tanto intentarase despertar nos participantes as inquietudes por saber mais e que sigan profundizando.

En cumprimento das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e o R.D. 2568/1986, de 28 novembro.

Esta Alcaldía de conformidade coas atribucións do seu cargo, RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a realización do obradoiro de centro de flores secas en dúas edicións.

Segundo.- Aprobar as seguintes bases e a convocatoria polas que se vai a rexir a organización do obradoiro de flores secas.

BASES E CONVOCATORIA REGULADORAS DO OBRADOIRO DE FLORES SECAS

Base primeira: Obxecto.

O Obxecto desta convocatoria é ofertar dous obradoiros de flores secas iguais. Cada un durará dúas horas e os participantes por cada un serán de 10 persoas como máximo e 6

JUAN FRANCISCO SÁNCHEZ GONZÁLEZ (1 para 2)
Número de Documento: 09/06/2022
Data de Signatura: 09/06/2022
HASH: 2b6e608b48143bae0d6e67ba2c281b9



ANDRÉS IGLESIAS RODRIGUEZ (2 para 2)
Número de Documento: 09/06/2022
Data de Signatura: 09/06/2022
HASH: d91e418924180659e701b5cdeb1e12



CERTIFICADO

Número: 2022-0099 Data: 09/06/2022



Cod. Validación: 9LK77E7FZZYGZTFMFEHDCCCW | Corrección: https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



como mínimo. Entre os dous obradoiros ofertaranse como máximo 20 prazas. Cada persoa só poderá anotarse a un día, xa que a actividade é a mesma para os dous días. O obradoiro realizarase na Casa dos Pensionista en Amoedo.

Base segunda: Obxectivos

A actividade “obradoiro de centro de flores secas” ten un perfil tanto lúdico como para dar aprender as destrezas para facer un centro de flores secas. Con este obradoiro se conseguirá que a persoa teña coñecemento de preparción da flor seca e montaxe do centro que lle poderá servir tanto para realizar os seus centros na casa como para adquirir certa habilidade para facer estes montaxes. Somos conscientes de que para realizar un traballo en este ramo precísase moito mais tempo de aprendizaxe e polo tanto intentarase despertar nos participantes as inquietudes por saber mais e que sigan profundizando.

Base terceira: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias serán público en xeral maiores de 16 anos, cos seguintes criterios de selección:

- En primeiro lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas que estén empadroadas no mesmo.
- En segundo lugar asignaranse as prazas por orde de entrada no rexistro do Concello de Pazos de Borbén ás persoas non empadroadas no mesmo.

Base cuarta. Datas e lugar de realización

Realizarase os días 12 e 19 de xullo durante en horario de 16:00h a 18:00h na na Casa dos Pensionista en Amoedo.

Base quinta. Presentación, lugar e prazo das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Pazos de Borbén presencial ou electrónicamente, mediante o modelo de solicitude instancia xeral. O Concello de Pazos de Borbén comprobará de oficio o empadramento das persoas solicitantes.

O prazo de presentación de solicitude comezará o día seguinte ao da publicación do extracto de aprobación dos prezos públicos desta actividade no BOPPO e rematará o 08/07/2022 ou ata esgotar as prazas.

O formulario de solicitude (instancia xeral) estará a disposición das persoas solicitantes na web www.pazosdeborben.org , e nas oficinas nas oficinas do Concello de Pazos de Borbén.

Base sexta. Relación de persoas admitidas e excluídas.

A relación de persoas admitidas e excluídas (coas causas de exclusión), será publicada na web, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pazos de Borbén a partir do 11/07/2022.

Base sétima. Número de prazas.

O número de prazas son como máximo de 20. Unha vez cuberta a totalidade das prazas establecerase unha lista de reserva en función dos criterios establecidos na base oitava desta convocatoria.

CERTIFICADO
Número: 2022-0099 Data: 09/06/2022





Para realización desta actividade deberá haber como mínimo 6 participantes por obradoiro.

Base oitava. Adxudicación das prazas.

O proceso de adxudicación levarase a cabo na seguinte orde:

1º Persoas empadroadas no Concello de Pazos de Borbén, segundo orde de entrada no rexistro.

2º Persoas non empadroadas, segundo orde de entrada no rexistro.

Base novena. Prezo e condicións.

O obradoiro é de balde, correndo co gastos de impartición e materiais por parte do Concello de Pazos de Borbén. As ferramentas que se precisen serán aportadas en préstamo pola persoas que imparta o obradoiro.

No suposto que non se alcance un mínimo de 6 persoas por obradoiro, a actividade cancelárase.

Base décima. Prazo de vixencia

As bases que regulan esta actividade terán vixencia ata o remate da actividade.”

E para que así conste e os efectos oportunos asino o presente co Visto e prace do Sr Alcalde.

En Pazos de Borbén,

DOCUMENTO DATADO E ASINADO POR VÍA ELECTRÓNICA Á MARXE.

CERTIFICADO
Número: 2022-0099 Data: 09/06/2022

